

## O MILAGRE DE SANTA CRISTINA

Don Xosé tiña 6 seu cargo tres parroquias. Uns festivos misaba en San Miguel, outros en Santa Cristina; pero sempre botaba a primeira en San Vicente onde era párroco en propiedá.

Aquel domingo non a había en San Miguel e o Xan, coa familia, foi a Santa Cristina. Os camiños da eirexa levaban xente aviada cas millores roupas. Todos fan a Misa Uns por devoción; outros por costume e, os mais, polo qué dirán e pra non ser mal vistos do crego.

Na revolta de Camporredondo atopáronse coa Sara e a sua maia.

- Bos días, dixeron ambas e duas.
- Bos días. E o teu home, Gumersinda ?, perguntou a Maruxa.
- Estavos moi malíño. Onte atopouse pero que moi doente do estómago. Xa fai días que ~~non~~ non ten ganas de comer e sintese moi canso. As pernas non lle rixen.
- Terá a paletilla caída ?, aventurou o Sidro.
- Iso che creo eu.
- Non será cousa de coidado, verdá ?, engadiu o Xan.
- Diolo faga, respondió a muller do ~~Grilo~~ Grilo.

A Sara non daba unha verba. Xan notouelle que estaba moi cambeada. Dende o día da festa non se falaran. A Marta vñuselle ás mentes. Lembrouse das horas que tiña pasado coela á beira do Miño, ouvindo xuramentos de amor, tirando frechas que fan dar á honra da Sara. Agora, diante da filla do Grilo, sentíase ferido pola dúbida e avergonzado. Era presentimento ? A Marta teríao engadado ? Se fora así non lle perdoaría endexamáis a sua finxida virtú nén as coiteladas verbo do creto da Sara.

Perto da eirexa hai unha fontiña que sempre está chea a rebordar. Din que é un milagre da Santa. Xa se pode sacar canta auga se queira ou xa se pode deixar intacta, que permanece no mesmo nivel e non ~~quebrándose~~ se checa. E non corre pra nengunes. E non se sabe de onde ven. Igoal dá que saquen valdes de auga ou non.

*Sobrenatural*  
- Isto si que é ~~milagre~~, dixo a Maruxa ó seu primo. E de seguro que non sabes p sucedido na malla do Severino o ano pasado.

- Non sei. Conta, qué pasou ?

\* Bramos mais de cincuenta na roga e foi que unha muxica saltou do motor á meda.

Facía un algo de aire e, nun santiamén, aquelo tornouse nunha fogueira: Un fachuzo xigante, como dí o señor Xosé María.

Berros de mulleres; uns homes que corrían por valdes de auga; outros que chegaban con mantas pra apachucar o lume; pequenos que se botaban ó colo das mais chorando e, no que ninguén matinara, casu a Sara: Enchelu unha botella de auga na fonte da Santa e chimpóuna escontra da meda, que no intre paróu de arder. Foi un milagre!"

- Un casual, mais ben, cortou a rapaza.
- Os Santos válense das maus inocentes pra demostrar o seu gran poder, asegundou a Maruxa.

O Xan, aproveitando que o barullo era grande por mor da xente que agardaba a chegada do crego, perguntoulle algo á Sara, recibindo por resposta un Si categórico e seco coma un seixo.

Sementes o Sidro se decatou da pregunta que lle fixo responder tan resolta. Si, ela era inocente.

A chegada do crego, considerado ente superior pola humildá aldeana, todos se desfazían en saúdos. El mesmo tangueu a campá, tirando dunha cadea de ferro. A xente entróu na eirexa, axoellándose no chau de grandes lousas. Algúns levaban coiles unhas almofadiñas pra pór ós xionllos. O Xan rubfu ~~o suso~~, co Suso. Alf estaban o Paco do Leiro e o Xesús de Barreiros coa baraxa na man.

- Pero vos a qué vides á Misa?
- Non señas parvo chi, contestou o Barreiros. En saíndo xa o verds. Vefien as rapazas todas e, logo dempués, hai que acompañalas á casa.
- Estamos agardando, dixo o Paco.
- I en algo temos que invertir o tempo, seguiu o Suso, arroupado polos amigos cunha longa gargallada, afogada nos cánticos do pobo.

O rematar a función relixiosa, o crego requedou uns responsos polos difuntos da Parroquia e a gresafiu despaciosemente do lugar sagro. No adro o Xan sumouse á familia e mais a señora Cumersinda.

A Sara, con outras rapazas, fan diante. Tras delas os xugadores de tute. O Suso coa sua teima de tirarllies pedriñas. O Paco do Leiro petando cunha vara nas silveiras e nos penedos. O Xesús de Barreiros berraba:

- Ei Sara ! Ei Rosiña ! Ei Rosalía ! Qué foncha vas ti, Mediños ! Non dades unha ollada ?

dat 4

- Teñen presa abondo, dixo o Suso.

- A galíña escapa ó raposo, espetou o Leiro.

Cada vez alonxábanse mais as mozas e os rapaces. E o Xan viu como aló, na revolta do agro, a Mediños e a Sara viraban cara Pacios. Ián lixeiras prá casa e desbotaban a compañía dos tres argallantes.

Por qué lle pedira - cavilaba o Xan na festa das Delores - que non bailara mais coela ? As faladurías da xente tacharfana en vendoos toda a tarde xuntos ? Querendo a un home, hai que temer o que poidan falar ?

" As mozas da aldea negan o seu prometido deica o derradeiro día de soltería e avergúñanse de que os vexan xuntos " "

Il descoñecía aquiles costumes. Tal fora o motivo de romper coa Sara e logo encerrarse ca de Portomarín. Pero a Sara por que había renunciar das suas tradicións ?

" Os Santos valense das maus inocentes "

O Milagre de que falou a Maruxa, non abundaba pra encher de luz aquela noite pecha de entrambilicados laberintos que remexfan na testa do Xan ?

- A tarde baixa, vide.

- Iremos, si

- Contamos con vos, logo, que virá a señora Xusta e darache tamén rendicío prá cativo, dixo a señora Gumerinda.

Chegaran a Camporredondo e o Xan fa tan caviloso que nen siquer se decatara.

- Qué che pasa, Xan ?

- Nada, Maruxa.

- Algo tes pra andares tan calado.

- Couzas da mocedá. Dudas. Loitas internas. Inquedanzas e amorfíos....

O Sidro surrou e díxolle ó seu curmán :

- Pois pra eso eche boa a iauge da Santa. Bebida en súnas non hai couxa millor ~~que non te deves de querer~~

~~que non te deves de querer~~